

COMPARACIÓN PARTIDO CONSERVADOR E PARTIDO LIBERAL NO SISTEMA CANOVISTA (1874-1923):

O Sistema Canovista imponse en España tralo fracaso da experiencia democrática do Sexenio (1868-1874), período no que a unha Monarquía Parlamentaria de pouco máis de 2 anos de Amadeo de Savoia sucedeu unha República Federal de moi curta duración, truncada por un golpe de estado do xeneral Pavía que levou ó poder ó xeneral Serrano. Cánovas, principal impulsor da Restauración borbónica na figura de Alfonso XII, co obxectivo de estabilizar e darlle continuidade á monarquía, pretende rematar coas prácticas políticas do reinado de Isabel II, quen sempre chamaba ó poder ó partido moderado. Para evitar a exclusión dos partidos de oposición e o recurso ós pronunciamentos militares como medio de acceder ó poder, Cánovas implanta un sistema político inspirado no británico baseado na alternancia ou quenda entre 2 partidos.

Estes partidos serán o Partido Conservador liderado por Cánovas e o Partido Liberal liderado por Sagasta. Ambos partidos comparten unha serie de trazos e aceptan algúns principios comúns. Son liderados por 2 figuras, Cánovas e Sagasta, capaces de dar cohesión e acadar vontades e adhesións de distintas tendencias. Cánovas aglutina ós elementos conservadores, moderados e algúns carlistas; Sagasta ós membros do Partido Constitucional e a Esquerda dinástica, defensores de ideais democráticos. Ambos partidos sosteñen o sistema de quenda polo que se alternaban no poder e para asegurala manteñan un sistema electoral caracterizado pola corrupción e o caciquismo.

En canto ós principios políticos, ambos partidos coinciden na aceptación do sistema político monárquico, na continuidade da dinastía borbónica representada por Alfonso XII. Recoñecen a supremacía da coroa a través da prerrogativa rexia e ambos aceptarán os principios do liberalismo doutrinario presentes na Constitución de 1876: a soberanía compartida entre o Rei e as Cortes, o poder Lexislativo compartido entre o Rei e As cortes, a inexistencia do Poder Xudicial, Senadores elixidos polo Monarca... ademais da concepción dun Estado unitario e a defensa da propiedade privada.

Onde se atopan as principais diferenzas entre ambos partidos son en aspectos como os apoios sociais que recibe cada un, nas relacións Igrexa-Estado e nos dereitos e liberdades individuais e públicos, así como no modelo de sufraxio. O partido Conservador vai recibir os seus apoios das clase altas, mentres que o Partido Liberal os recibe das clases medias, que representan o sector reformista da Restauración.

Nas relacións Igrexa-Estado, o Partido de Cánovas é partidario dun Estado confesional, coa relixión católica como oficial do Estado, e apoian o incremento do control da Igrexa na sociedade, o seu predominio no ensino e en facilitar a proliferación de ordes relixiosas en España. O Partido Liberal avoga pola modernización de España, que pasa pola secularización das Institucións e as leis, e pretende limitar os privilexios da Igrexa así como a influencia das ordes relixiosas no ensino mediante o fomento do ensino estatal.

En canto ós dereitos e liberdades, o Partido Conservador considéraos como concesións dos gobernos. Os dereitos e liberdades, recoñecidos na Constitución de 1876, serán limitados en leis posteriores, do mesmo modo que volverá a imporse o sufraxio censatario en 1878, que excluía do dereito a voto a unha grande parte da poboación. Ademais, durante amplos períodos as **garantías constitucionais**, é dicir, que *as garantías do detido, a inviolabilidade de domicilio e correspondencia, liberdade de expresión e prensa, dereitos de reunión e asociación* serán **suspendidas** 19 veces entre 1876 e 1917. En contraposición, o Partido Liberal, formado por defensores dos principios democráticos, avogan pola participación democrática e pola protección e ampliación dos dereitos e liberdades. No goberno longo de Sagasta (1885-1890), trala morte de Alfonso XII, o Partido Liberal restaurará dereitos e liberdades fundamentais: supresión da censura previa, 1883, Liberdade de Asociación, 1887, recuperación de xuízos por xurados, e en 1890 a aprobación definitiva do Sufraxio Universal masculino.

SEMELLANZAS E DIFERENZAS ENTRE OS PARTIDOS CONSERVADOR E LIBERAL	
PARTIDO CONSERVADOR. CÁNOVAS.	PARTIDO LIBERAL. SAGASTA
- Partidos liderados por 2 figuras que aglutinan diversas tendencias - Ambos sosteñen o sistema de quenda de alternancia no poder - Manteñen un sistema electoral corrupto (fraude electoral) e caciquil - Ambos aceptan e defenden a Monarquía borbónica - Defenden a soberanía e poder lexislativo compartidos entre o Rei e As Cortes - Están a prol dun Estado Unitario - Defenden a propiedade privada	
DIFERENZAS	
Apoio das clases altas. Moderados e algúns carlistas	Apoio das clases medias. Sectores reformistas do Sistema da Restauración Partido Constitucional e Esquerda Dinástica
Estado Confesional. Catolicismo: relixión oficial Apoio do predominio da Igrexa na sociedade e no ensino. Apertura á entrada de Ordes Relixiosas.	Pretenden limitar os privilexios da Igrexa Católica e a entrada de Ordes relixiosas. Secularización da sociedade. Fomento do ensino estatal.
Limitación dos dereitos e liberdades Recortan os dereitos e liberdades mediante leis Suprimen as garantías constitucionais Partidarios do Sufraxio Censatario. Lei 1878 excluía a unha grande parte da poboación	Ampliación de dereitos e liberdades: - Supresión de censura previa en 1883 - Liberdade de Asociación. 1887 - Recuperación xuízo por xurados - Sufraxio Universal masculino. 1890